

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONCERTOS DENTRO DA PROGRAMACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL WOMEX 2023 ENCOMENDADOS POLO CONCELLO DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar co **Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento dos concertos que, dentro da programación do WOMEX 2023 na cidade da Coruña, terán lugar nos espazos Teatro Colón, Teatro Rosalía Castro e explanada Parrote dende o 25 ao 29 de outubro de 2023:

Explanada Parrote: concertos de Florence Adooni, Elephant Sessions, La Sonora Mazurén, 79rsGang, Widad Mjama&Khali Epi, Baiuca, Liraz, Puuluup, Bamba Wassoulou Grove.

Teatro Colón: concertos de Mouvman Alé, Annamaret, Livia Mattos, Danuk, Aleph Quintet, Teo Collori & Momento Cigano, Matt Carmichael, Erini, Ana Carla Maza.

Teatro Rosalía Castro: concertos de Valeria Castro, Magali Sare & Manel Fortia, Neomak, Beatriz Rosario, Vivi Pozzebón, Rodrigo Sosa y la Quenistica, Arnaldo Antunes y Vitor Araujo, Ailá, Trilitrate.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Feira Internacional Músicas do Mundo-WOMEX é un encontro profesional para o sector da música que atrae a máis de 2.500 delegados e 1.300 empresas de máis de 90 países; un encontro ao que acoden uns 800 programadores, máis de 600 selos, editores e distribuidores, ademais dun número considerable de xornalistas e distintos medios de comunicación. Constitúe, pois, unha das citas culturais de carácter internacional máis importantes que sitúan a cidade onde se celebra, e xa que logo a comunidade autónoma que a acolle, no centro neurálxico das músicas do mundo, cun importante impacto na imaxe de marca da cidade, do país, do seu tecido cultural e da súa industria musical.

A Agadic decide participar no financiamento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña, da maior feira mundial de música étnica e tradicional. O seu grao de recoñecemento a nivel mundial permite achegar o evento a gran cantidade de público internacional, en gran parte creadores de opinión en diferentes lugares do mundo, e a facer visible o potencial da cidade da Coruña a nivel cultural e turístico; unha ferramenta de transformación, sen dúbida, para a cidade pero tamén unha oportunidade para a música galega, que poderá verse proxectada internacionalmente.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

